XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CADA UN DOS MEMBROS DA AGRUPACIÓN

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

EN CALIDADE DE

DA ENTIDADE (NOME DA EMPRESA)

SEGUNDO A ESCRITURA CO NÚMERO

NO REXISTRO MERCANTIL

Que se presenta como membro da agrupación que solicita unha axuda para desenvolver o proxecto:

TÍTULO DO PROXECTO

DECLARA EXPRESAMENTE

1. Que os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan e que facilita ao líder para formulala son certos e acepta as condicións e obrigas do programa Conecta Peme recollidas na Resolución do 30 de novembro de 2015.

2. Que non está incursa en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Que está o día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións (conforme o artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia) e de reembolso de préstamos ou anticipos concedidos con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

4. Que non pode ser considerada unha empresa en crise conforme o disposto no artigo 2.18 do Regulamento (UE) 651/2014, do 17 de xuño, da Comisión.

5. Que non está suxeita a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión que tivese declarado unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

6. Que desenvolverá en Galicia as actividades que ten asignadas no plan de traballo do proxecto para o que se solicita esta axuda.

7. Que ten capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o que solicita a axuda.

8. Que a solicitude da axuda é anterior ao comezo do proxecto para o que se solicita (efecto incentivador).

9. Que o solicitante coñece que os provedores non poderán estar asociados nin vinculados coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores e que non concorre neles ningunha das prohibicións recollidas no artigo 27.7 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, nin no artigo 43 do Regulamento que desenvolve dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, tendo en conta ademais o disposto no Regulamento (UE) nº 651/2014, sobre empresas vinculadas.

10. Que, con respecto ao resto dos membros da agrupación, é unha entidade independente ou, se non é así, está relacionada (empresas asociadas/vinculadas segundo no Regulamento (UE) nº 651/2014, do 17 de xuño de 2014, da Comisión) coas seguintes:

11. Que, se é o caso, non vai realizar ningunha utilización comercial posterior do prototipo ou proxecto piloto incluído no proxecto.

12. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

☐ Non obtivo nin solicitou a outra Administración, ente público ou privado, nacional ou internacional, unha axuda para a mesma finalidade ou para os mesmos custos incluídos nesta solicitude.

☐ Si obtivo ou solicitou a outra Administración, ente público ou privado, nacional ou internacional, unha axuda para a mesma finalidade ou para os mesmos custos incluídos nesta solicitude segundo se indica na táboa seguinte[21]:

Data solicitude	Data concesión	Organismos	Programa convocatoria	Importe (€)	Tipo (subvención, préstamo, ...)	Disposición reguladora

ANEXO III
(continuación)

DECLARA EXPRESAMENTE (continuación)

Data solicitude	Data concesión	Organismos	Programa convocatoria	Importe (€)	Tipo (subvención, préstamo, ...)	Disposición reguladora

21 Non é necesaria a información relativa as axudas denegadas

Autorizo a Axencia Galega de Innovación para que poida verificar a capacidade de representación en vigor no Rexistro Mercantil do representante legal.

(•) SI ( ) NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

Autorizo a Axencia Galega de Innovación para consultar os datos de identidade da persoa representante legal no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

(•) SI ( ) NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE LEGAL

Lugar e data

_____ , _____ de _____ de _____

NOTA: Cada un dos membros da agrupación deberá cubrir esta declaración en papel coa sinatura manuscrita e logo escanearse para ser anexada en formato PDF á solicitude